

GALIZA PRECISA UN REFERENTE POLÍTICO NO QUE CONFIAR: UN NOVO BNG

O tempo transcorrido dende a Asemblea de Riazor fai necesaria esta refundación que poña a nosa organización en condicións de afrontar os novos retos e de asumir ser ese referente político que represente á inmensa maioría da sociedade galega que o precisa con urxencia.

A XIII Asemblea Nacional considera prioritaria unha auténtica refundación do BNG.

REFUNDAR

Consideramos que o BNG precisa reatoparse cos seus principios fundacionais da Asemblea de Riazor. Trátase de facermos, á luz do ano 11 do século XXI, unha relectura dos Principios que conduciron a unha unidade do nacionalismo que durante 15 anos permitiu avanzar porque levamos á práctica aquilo de que “é máis o que nos une que o que nos afasta”.

Sabemos que a Galiza de hoxe ten mudado moito dende 1982. O peso relativo do campesiñado ten minguido polas políticas de case exterminio e etnocidio do mundo labrego, e na súa medida tamén do mundo mariñeiro. O mundo do proletariado ten mudado, enfraquecido e fragmentado como consecuencia das múltiples e destrutivas 'reconversións' industriais, a terciarización da economía, a precarización do emprego e as sucesivas contrarreformas dos dereitos laborais e sociais. No ámbito empresarial tamén se produciron mudanzas para peor na estrutura e a propiedade do capital, co avance na penetración dos monopolios transnacionais de matriz foránea e a absorción ou aniquilación de grupos industriais e institucións financeiras autóctonas, convertendo á inmensa maioría das empresas galegas en empresas asalariadas.

Os principios políticos fundacionais do nacionalismo galego contemporáneo seguen a ser os mesmos e plenamente valedoiros, na medida en que recollen obxectivos estratéxicos non acadados (soberanía do pobo galego como único xeito de auténtica democracia, anti-monopolismo, anti-imperialismo, anti-colonialismo, anti-militarismo a prol dunha paz mundial), e mesmo están máis viventes ca nunca e impóñennos hoxe a necesidade de inserírmolos na loita por un cambio sistémico que está a acometer por redes mundiais de movementos sociais altermundistas e anticapitalistas, e mesmo tamén por diversos estados da periferia do sistema.

Consideramos que as mudanzas na estrutura social galega non fan menos necesaria a unidade do nacionalismo, e seguen a esixírmonos que dende a pluralidade sexamos quen de acoller as diversas lecturas do proxecto común de liberación nacional e social de Galiza. Ningunha clase ou fracción social está hoxe en condicións por si mesma de ofrecer un proxecto válido para a maioría da sociedade e, pola contra, a inmensa maioría social está a padecer a tiránica ditadura dos poderes financeiros e a recolonización de Galiza como nación sometida e espoliada.

O corolario é que non existe unha vía ou estratexia verdadeira e outras desviadas. Esta conclusión foi compartida por PSG e UPG principio dos oitenta e deu lugar ao BNG. A liña “correcta” é a síntese que permite a unión leal e en pé de igualdade de todas e todos os nacionalistas

- ⤴ Galicia é unha nación
- ⤴ Democracia
- ⤴ Anti-monopolismo e intereses populares
- ⤴ Auto-organización
- ⤴ Galicia e o colonialismo
- ⤴ Anti-imperialismo
- ⤴ Paz mundial
- ⤴ Modelo social (ao servizo das clases populares e do País)

Os Principios Fundacionais están máis vixentes ca nunca e inspirarán un proceso de rexeneración política do BNG.

Consideramos que a elaboración teórica que o BNG foi desenvolvendo a partires destes Principios Fundacionais ao longo dos anos segue sendo actual e mesmo adquire carácter avanzado ao seu tempo e só requiren unha relectura e refundición dos seus textos para facela máis asequíbel. Salientamos a *Análise e posición política do BNG sobre o Tratado da Unión Europea (Maasticht)* e os acordos da IX AN referidos á mundialización e ao neoliberalismo, que seguen estando vixentes e máis actuais ca nunca. Asimesmo os *Programas de goberno* para as eleccións galegas completan ao noso entender un corpus ou punto de partida válido co que emprender o camiño de converter ao BNG na organización política útil para a inmensa maioría da sociedade galega.

Consideramos que o BNG ten elaborado un corpus teórico sobre estas cuestións primordiais para unha forza política nacionalista galega do Século XXI e que precisa no seu caso dunha relectura e refundición para a que o CN habilitará un procedemento para a participación da militancia e de relación e escoita cos movementos sociais.

REXENERAR

Consideramos que decurso dos anos e os procesos internos fixeron imprescindíbel unha rexeneración da estrutura e da convivencia internas que pasa por dar novo pulo aos Principios Organizativos fundacionais:

- ⤴ Democracia
- ⤴ Carácter assembleario
- ⤴ Pluralismo político
- ⤴ Maiorías e minorías
- ⤴ Liberdade de expresión
- ⤴ Dereito á discrepancia pública
- ⤴ Estruturación territorial

Só asumindo as responsabilidades políticas para esta rexeneración e unha reflexión honrada e seria de todas e todos pode devolver ao BNG a súa primixenia capacidade de traballar cooperando, de respecto mutuo e de servizo ao Pobo que xustifica a nosa existencia. Fora ambicións persoais, miserias cotiáns e rutinas burocráticas.

MEDIDAS ORGÁNICAS

Acordamos as seguintes propostas e medidas necesarias para a rexeneración da democracia no BNG:

- ⤴ ***Supresión do sistema de delegados/as que so poderá ser modificado no futuro por unha maioría cualificada de 2/3 dos membros do BNG.***
- ⤴ ***Todo o poder para a Asemblea Nacional. Dar máis peso político aos membros do CN elixidos na Asemblea Nacional. Todos os representantes de partidos, organizacións e colectivos, e representantes Comarcais serán membros do CN con voz e sen voto para non alterar a representación directa da Asemblea Nacional.***
- ⤴ ***Os representantes de designación para os consellos locais e comarcais participarán con voz pero sen voto para non alterar a representación directa das asembleas correspondentes.***
- ⤴ ***Facilitar a participación de todas e todos en pé de igualdade e independentemente de que pertencen ou non a un colectivo organizado. Neste sentido establecerase que para todos os procesos de eleccións non será preciso presentar unha lista completa, sendo suficiente un número igual ou maior ao 10% dos postos a cubrir.***
- ⤴ ***A militancia xuvenil integrarase no BNG mediante o mesmo mecanismo que o resto de militancia, tendo dereito a unha cota***

reducida, acordada polo Consello Nacional. Esta militancia poderá decidir integrarse ou non en Galiza Nova ou noutras organizacións xuvenís integradas no BNG.

- ✦ **O control e supervisión do censo e das actividades financeiras do BNG e contorna concernente estará, a maiores da administración da organización, a cargo dunha comisión plural de persoas de total discreción e coas debidas garantías de protección dos datos. Esta comisión actuará perante os órganos de dirección a petición destes ou por propia iniciativa.**
- ✦ **Redimensionamento do persoal de administración que traballará ao servizo de todas/os e adaptada ás necesidades e posibilidades ordinarias da organización.**
- ✦ **Fixación da cota que hoxe é claramente excesiva, por tramos de renda dos afiliados partindo de 3 € para parados ou ingresos inferiores ao SMI.**
- ✦ **Aplicarase a limitación de mandatos nas institucións desde que foi aprobada.**
- ✦ **A inexistencia dun traballo previo ou unha saída laboral particular prevista aos cargos institucionais nos será desculpara para xustificar os “políticos profesionais”.**
- ✦ **Evitarase a acumulación actual de representación institucional e “liberados” para o caso da militancia nalgunha das forzas políticas integradas.**
- ✦ **En aras do pluralismo consubstancial ao BNG, e en evitación de “Santas Inquisicións”, a opinión congruente e razoada dunha minoría en exercicio da liberdade de expresión e do seu dereito á discrepancia pública recoñecida nos principios políticos non poderá nunca ser considerada bloqueo ou boicot ás decisións maioritarias.**
- ✦ **Para a primeira fase da refundación, as persoas que asuman cargos de responsabilidade orgánica deberán ter un recoñecemento interno e público contrastado e de grande aceptación.**

RECUPERAR

Hoxe hai máis “BNG” fóra que dentro: a conversión paso a paso do BNG nunha formación política convencional provocou a conseguinte perda de apoio de sectores progresistas e galeguistas da sociedade e de moitos nacionalistas activos anoxados por políticas sectarias dos últimos anos, que non só provocaron un descenso sostido de apoios sociais e electorais senón que remataron por castrar ao BNG e incapacitalo para comprender á nación á que pretende representar.

Aínda hoxe non temos compartida unha análise veraz do acontecido co primeiro “paso” do BNG polo Goberno Galego. O reparto de culpas que fixeron uns e outros: todos os erros foron do BNG no Goberno ou todos os erros foron da Organización do BNG impediu unha análise seria feito determinante do proceso

de desafecto de amplos sectores da sociedade galega para a que o BNG deixou, hai tempo, de ser referente para os máis dinámicos e transformadores.

O abandono ou afastamento da liña ideolóxica e da práctica política nacionalista e de esquerdas por outra ecléctica, mistificada e centrista, levou aparelado que se rachase o cordón nutricional recíproco con aqueles que sempre foron a nosa base social e electoral e sobre os que debe asentarse calquera proxecto emancipador e transformador.

Agora mesmo, a incompreensión verbo das mobilizacións dos 'indignados' que a dirección do BNG non entendeu ate agora, malia que os obxectivos coincidan amplamente con reivindicacións históricas do BNG, ou a guerra sectaria aberta contra o SLG, son dous exemplos claros desta deriva cara a homologación coas peores eivas das forzas políticas convencionais e para soste o profesionalismo político que nos últimos anos adoptou.

Os novos xeitos necesarios para facer política de esquerda nestes tempos, e a recuperación do rol do BNG como instrumento ao servizo da nosa Terra fan preciso un proceso de apertura aos nacionalistas que están fora e á sociedade civil na que están a agromar movementos de rebeldía cívica e emancipación social. Isto só será posíbel cunha recuperación da credibilidade que só se dará se o BNG se “refunda” e “rexenera”. É imposible recuperar a confianza para un BNG que non dea signos inequívocos de ter aprendido a lección.

A REFUNDACIÓN COMO PROCESO

A refundación, a constitución dunha unidade nacionalista incluínte, non remata no acto de clausura dunha asemblea nacional exitosa. A refundación é unha andaina a continuar inmediatamente despois abrindo un proceso de inclusión que incorpore a todos os grupos e sectores sociais que asuman os principios políticos da fronte.

Acordamos iniciar un proceso de apertura aos nacionalistas que están fora do BNG e á sociedade civil na que están a agromar movementos de rebeldía cívica e emancipación social de moi fondo calado.

**GALIZA 13/12/11
COORDINADORA DO ENCONTRO IRMANDIÑO**